

## FRED QUINCALLA O NÓMADE DO MAR

TERESA GONZÁLEZ COSTA ( páxina 64 á páxina 76 )

### Ficha 7

1. Describe a tormenta que estoupou cando Fred ía vogando para chegar a terra?

Nunca vira unha tormenta igual. Os raios eran máis luminosos, os tronos máis ruidosos, a chuvia lanzas de auga. Mesmo as ondas eran moito máis grandes do habitual, e facían que a barca se abanease ameazando con envorcar.

2. Que lle ocorreu cando un dos cabos se lle enganhou nun pé?

Fred tentou agarrarse con forza a el. Pero como estaba feito de materiais tan pesados, afundi na auga , ata que chegou ao fondo do mar.

3. Quen lle falou a Quincalla despois de pasar moitos días no fondo do mar?

A Quincalla faloulle unha balea. A mesma balea que o acompañara nas horas de maior soidade.

4. Copia o diálogo entre Fred e a balea ( páxina 67)

-Eu vin o Magno Godofredi afundir- murmurou a balea con voz milenaria-. Foi aquí mesmo, neste lugar. Mais diso xa hai moito, moitísimo tempo... Cen anos, polo menos. Incluso máis.

-O Magno Godofredi? -Balbuciu Fred-. O barco do que procede a miña madeira?

A balea tardou unha peza en responder.

-Si, ese barco -dixo por fin o animal, que falaba moi amodo-. Un día que pasaba por aquí vino afundir... Lentamente... Ata que tocou o chan areoso.

5. Porque afundiou o Magno Godofredi?

O Magno Godofredi afundiou por mor dos canonazos doutro barco. Eran tempos conflictivos no mar.

6. Que fixeron co casco do barco?

Co casco do barco fixeron a Fred Quincalla.

7. Copia o 2º parágrafo da páxina 72.

Volveron pasar os días, mais Fred non deixaba de pensar nas palabras da balea. Fermoso? Eran imaxinacións súas, causadas pola fatiga e pola ferruxe, ou aquela balea dixera que era fermoso? Tamén dixera que o seu lugar estaba alí arriba, na terra. Como era posible? Non, non era posible, e non obstante el sentía que...

8. Quen rescatou a Fred do fondo do mar?

A Fred rescatouno unha pescadora.

9. Puido o reloxeiro arranxar o compás de Fred? Por que?

Non. Porque o compás deixara de funcionar e estaba demasiado oxidado.

10. Completa: (páxina 73-74)

- ✓ Un **murmurio** de desencanto percorreu a multitude arremuiñada.
- ✓ A todos lles gustaba aquel **autómata** saído das profundidades.
- ✓ Os mariñeiros, **melancólicos**, comezaron a **cantaruxar** unha profunda canción.
- ✓ A pescadora non puido reprimir as **bágoas**.
- ✓ Quen canta dese xeito tan **desafinado**?
- ✓ Todas as miradas **arrouparon** a Fred Quincalla.
- ✓ Está **vivo**!

11. Como eran os habitantes desa vila?

Os habitantes eran como el, mellor dito non eran como el, estaban feitos de diferentes partes de barco, pero diferentes as súas. Ninguén era igual a ninguén.

12. Fred ao mirar arredor murmurou- Aquí hai vida.

No 1º parágrafo describe o que observou ao seu arredor. Busca 4 adxectivos e os nomes aos que acompañan.

Poden ser 4 das seguintes listas.

Adxectivos		Nomes
variados	-----	materiais
diferentes	-----	cores / tamaños
inoxidable	-----	aceiro
pulido	-----	ferro
perfectos	-----	robots
excesiva	-----	beleza
fermosos	-----	autómatas
máxico	-----	po
especial	-----	cor

13. Como se sentía?

Fred, por primeira vez na súa vida sentiuse vivo.

14. Cres que os habitantes desta vila tiñan emocións? Por que?

Si. Porque non se estrañaban se choraba , se corría de alegría , se ría , pois a todos lles pasaba o mesmo.


15. O compás de Quincalla seguía a ser o corazón dun nómade, por esta razón. Que fixo?

Quincalla non tardou en fabricar o seu propio barco. Así, de cando en vez, saía ao mar para permanecer nel durante varios días seguidos.

16. Completa:

Pero agora sabía que tiña un lugar ao que volver cando quixese... E tamén un amor.

17. Resolve o encrucillado.



HORIZONTAIS

2- Globo de aire ou doutro gas que sobe á superficie dun líquido cando este ferve, fermenta ou cando se move moito.

4- Sensación que experimenta alguén ao lle seren tocadas levemente certas partes do corpo e que se manifesta nun riso involuntario.


5- Conxunto de cousas preciosas, como xoias, diñeiro ou obxectos de valor, gardado ou agochado nalgunha parte.

VERTICAIS

1- Acción e efecto de afundir ou afundirse.

3- Órgano de natureza muscular, responsable da circulación do sangue.

17. Debuxa a pescadora e a Fred.



## FRED QUINCALLA O NÓMADE DO MAR

TERESA GONZÁLEZ COSTA ( páxina 78 á páxina 88 )

### Ficha 8

1. Cres que O Gran Gogol se emocionou coa historia de Fred? Por que?

Si. Porque O Gran Gogol tentou agochar o seu rostro coa manta.

2. O parafuso que atopara Leopolda era o mesmo que o capitán do Prisciliano lle entregou a Quincalla?

Si.

3. Que pensaba o cociñeiro sobre a historia de Fred?

O cociñeiro pensaba que Fred era un pouco coma eles. Sempre estaban fuxindo.

4. Conseguiron moitos cartos coa actuación. Que fixeron con eles?

Primeiro fixeron algunhas compras e logo foron a un bar do porto.

5. Porque Leopolda pensaba que as cancións do Gran Gogol eran tristes?

Porque nun grupo que os escoitara cantar había dúas mulleres e un home chorando.

6. Copia o diálogo que mantiveron os mariñeiros. ( páxina 82)

-Hoxe cedo -dicía un dos mariñeiros- vin a Fred Quincalla camiñando co seu paso torpe polo peirao.

-Ah, si? Pois eu oíno cantar coa súa voz enferruxada cando saía pescar coa miña barca, ao anoitecer -asegurou outro.

-Pois eu -concluíu un terceiro- vino esta mañá rindo e amosando os seus dentes tortos cando escoitaba o espectáculo de música que había no peirao.

7. Leopolda quedou desconcertada ao escoitar aos mariñeiros. Por que?

Porque os mariñeiros pensaban que Fred existía e Leopolda inventara a historia cando atopou o parafuso oxidado.

8. Completa co penúltimo parágrafo da páxina 86.

O Gran Gogol,convencido de que a maxia de Leopolda funcionaba, pediulle:

E se esta noite **inventas unha historia comigo e a miña querida Rosa? Eu podería ser un cabaleiro e Rosa unha bailarina en perigo... E hai un horrible dragón que a mantén prisioneira... Un dragón un pouco actor de teatro, xa sabes ... E eu consigo vencer ese horroroso dragón e libero a...**

9. Busca na sopa e letras este sinónimos de inventar:

**Argallar, crear, concibir, discorrer, idear, tramar, trazar, maquinar**

A	X	W	O	D	I	K	O	X	X	K	<u>D</u>	R	B
R	Q	H	M	Q	H	D	M	M	S	E	<u>I</u>	J	Y
A	Y	K	X	I	W	F	<u>C</u>	N	E	Y	<u>S</u>	G	N
O	S	W	K	M	Y	T	<u>O</u>	F	Q	U	<u>C</u>	U	C
M	A	<u>M</u>	<u>A</u>	<u>Q</u>	<u>U</u>	<u>I</u>	<u>N</u>	<u>A</u>	<u>R</u>	S	<u>O</u>	G	S
C	<u>C</u>	Z	C	B	O	<u>T</u>	<u>C</u>	C	N	U	<u>R</u>	H	P
K	<u>R</u>	O	R	S	G	<u>R</u>	<u>I</u>	R	X	J	<u>R</u>	B	Q
Q	<u>E</u>	T	A	R	L	<u>A</u>	<u>B</u>	X	L	V	<u>E</u>	Y	<u>T</u>
D	<u>A</u>	U	R	F	H	<u>Z</u>	<u>I</u>	W	D	G	<u>R</u>	C	<u>R</u>
P	<u>R</u>	V	R	Q	A	<u>A</u>	<u>R</u>	Q	P	H	B	C	<u>A</u>
L	E	A	Z	E	C	<u>R</u>	J	S	O	B	S	C	<u>M</u>
S	J	U	M	X	R	B	Z	C	K	O	O	I	<u>A</u>
P	W	M	K	E	K	K	K	<u>I</u>	<u>D</u>	<u>E</u>	<u>A</u>	<u>R</u>	<u>R</u>
T	U	<u>A</u>	<u>R</u>	<u>G</u>	<u>A</u>	<u>L</u>	<u>L</u>	<u>A</u>	<u>R</u>	U	E	J	J

10. Completa (páxina 87- 88)

- ◆ Creo que xe é hora de que vaias **buscar** ti mesmo a **Rosa**.
- ◆ Xa era tarde cando o **Azimut** se introduciu no **mar**.
- ◆ O Gran Gogol, na **coverta** ,soñaba co seu **amor**.
- ◆ Tan **concentrada** ía Leopolda nas súas **historias**.
- ◆ Non se fixou na **goleta** que nese momento pasaba **lixreira** preto do Azimut.
- ◆ **-Adeus**, Leopolda.
- ◆ Ela **volveuse** para mirar quen a **saudaba** con aquela **voz** tan **diferente**.
- ◆ Ningún **barco** á vista.
- ◆ Unha **balea** ao lonxe entoaba unha **canción** de profundidades.

11. Inventa, escribe e ilustra un relato curto,que che gustaría se fixera realidade.

**Resposta libre.**

